

O ENTROIDO GALEGO



O ENTROIDO GALEGO



O Entroido comeza en Galicia
e xa veredes o que imos aprender,
visitaremos novas vilas
para os seus personaxes coñecer.



LAZA

Catro cousas hai en Laza
non as hai en toda a Terra
Peliqueiros, maragatos
as formigas e a morena.

OS PELIQUEIROS



Tradicións típicas de Laza:

- O domingo de estreo: saída dos peliqueiros
- O luns Borralleiro: pola mañá FARRAPADA (farrapos con auga e terra) e pola tarde Baixada da Morena e as Formigas(fariña, terra e formigas) e para finalizar o Reparto da Cachucha

Farrapada



As formigas



Peliqueiro



A Morena



VERÍN

Xa chegamos a Verín
alí os cigarróns estante a esperar.
Vai atento polas rúas
se un zamarrazo non queres levar.

O CIGARRÓN



Tradicións típicas de Verín:

- Xoves de compadres
- Domingo Corredoiro: primeira saída dos cigarróns
- Xoves de comadres
- Venres de compadreo y comadreo
- Sábado de Entroido: bautizo do cigarrón
- Domingo de Entroido: desfile
- O luns de Entroido: fariñada
- Domingo de piñata

Domingo Corredoiro



Fariñada



Noite de compadres



Noite de comadres



XINZO DE LIMIA

Xa están aquí as pantallas!!!
por Xinzo de Limia brincando van.
Empregan as súas vexigas,
menudo barullo fan!!

AS PANTALLAS



Tradicións típicas de Xinzo de Limia:

- Sábado de petardazo
- Domingo fareleiro: fariña
- Domingo oleiro: olas de barro
- Noite de mulleres (sábado): lardeiro
- Domingo corredoiro: saen as pantallas
- Martes de Entroido: desfile
- Domingo de Piñata

Domingo Oleiro



Domingo Fareleiro



Domingo Corredoiro



VIANA DO BOLO

A Viana do Bolo
unha visita farás.
Vendo os Boteiros
o folión escoitarás.



BOTEIROS E FOLIÓNS

Tradicións típicas de Viana do Bolo:

- Xoves de comadres
- Xoves de compadres
- Domingo gordo: desfile e festa da Androlla

Boteiros



Androlla



Folión



ULLA

Agora non falamos dun rango militar,
son uns xenerais a cabalo,
que nas Terras do Ulla
poderedes visitar.

OS XENERAIS DO ULLA



Tradicións típicas do Ulla:

- Os atranques: burlas por parellas sobre asuntos sociais.
- Outros personaxes: os correos,abandeirados, o rei e a raíña,coros (coro bonito ou de mozos e o coro de vellos) e comparsas.
- Percorren diferentes localidades: Boqueixón, Teo, Touro, Vedra, Santiago de Compostela, A Estrada, Silleda e Vila de Cruces.



Xenerais



Correos



Abanderados

COBRES

En Cobres fomos parar
alí vimos as madamas e galáns
bailando sen parar
só o ritmo do compás.

MADAMAS E GALÁNS



Tradicións típicas do Cobre:

- Outros personaxes: os de branco, os aldeáns e o predicador
- Martes de Entroido: a corrida do galo (o galo no río e o galo na vara).

Madamas e galáns



O galo na vara



O galo no río



MANZANEDA

**Falamos de moitos entroidos,
e outro aquí vos queda
o dos folións e mázcaras
das terras de Manzaneda.**

AS MÁZCARAS



Tradicións típicas de Manzaneda:

- Xoves de lardeiro (compadres)
- Sábado de Entroido: (cea de lardeira)
- Domingo do Entroido: “ o fulión”
- Martes de Entroido:desfile

Mázcaras



Fulión

GASTRONOMÍA

Como sabedes en Galicia as festas van ligadas a comida e a bebida. Algunhas comidas típicas desta época son:

- A androlla e botelo
- O cocido: grelos, patacas, garavanzos, carne de porco e tenreira
- O porco: cacheira, orellas, lacón, rabo, chourizos.

Doces de Entroido:

- Filloas, orellas, flores de Entroido, follas de limón, cañas
- Bica de Laza

Bebidas de Entroido:

- Licor café, licor de herbas, augardente, queimada y xastré de Laza

Cocido




Cacheira



Androlla



Botelo



Filloas



Flores



Follas de limón



Orellas



Bica



Cañas

Refráns, ditos e coplas de Entroido:

- Catro cousas hai en Laza non as hai en toda a Terra: peliqueiros, maragatos, as formigas e a morena.
- Cigarrón lapón saca os cartos do bolsón.
- En tempos de Carnaval, ningunha cousa está mal.
- Ven Entroido, ven axiña, con máscaras e barullo para poder brincar cos mozos e para encher ben o bandullo.
- Adeus Martes de Entroido, adeus meu amiguiño, ata o domingo de Pascua non comerei máis touciño.
- Eu quería ao Entroido coma un irmán verdadeiro, agora xa non o quero, que me chaman entroideiro.

Imáxenes empregadas de diferentes páxinas webs:

- Turismo de Galicia
- cocina gallega
- Faro de Vigo
- La Región
- El correo gallego
- Galicia única
- Fiestas y tradiciones de España
- Galeon. Com
- Vivir Galicia
- Turismo de Santiago
- Cobres rural
- Desde mi visor
- Flickr
- Historia de Galicia
- Entroido de Cobres
- Pasteles de colores
- El horno de Isa
- cocina gallega
- El sabor de lo dulce
- Desafio materno

MOITAS GRAZAS A TODOS!!!